



MEMORIA XUSTIFICATIVA CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

1.1 PROPOSTA TÉCNICA, DE MEDIOS E ORGANIZATIVA DO SERVIZO (49 PUNTOS)

O licitador deberá presentar unha proposta técnica, de medios e organizativa do servizo que deberá seguir a seguinte estrutura:

1. Identificación do licitador

2. Contextualización do servizo

2.1. Concello de Santa Comba

2.2. Instalacións deportivas

3. Programación deportiva curso 2024/2025

3.1. Proposta de programación das actividades deportivas para adultos e para nenos/as (número e características de cada actividade, contando coa posible proposta presente nas cláusulas técnicas e coa posible incorporación de novas actividades)

3.2. Proposta de organización da clausura de actividades

3.3. Proposta para a organización das competicións e participación en Xogade

4. Organización do servizo

4.1. Medios de coordinación co concello

4.2. Métodos de control e seguimento do servizo

4.3. Protocolo de actuación ante accidentes

4.4. Tratamento e protección de datos

5. RR.HH.

5.1. Medios humanos que se adscriben ao servizo e funcións

5.2. Protocolo de substitución de persoal en caso de baixas, vacacións ou similares

5.3. Plan de formación permanente do persoal

6. RR.MM.

6.1. Medios materiais adscritos ao servizo (cuantificado por unidades)

A proposta técnica non poderá superar as 15 páxinas, en letra Arial, 11, interliñado 1,15 (excluíndo a portada, o índice e os anexos, de habelos) e 5 páxinas de anexos, coas mesmas características tipográficas.



A valoración da proposta farase tendo en conta a mellor organización e metodoloxía, atendendo aos elementos que a continuación se detallan. En todo caso o contido do documento será claro, concreto e conciso.

Organización e metodoloxía do servizo (30 puntos): O proxecto a presentar polos licitadores no que se detallarán aspectos básicos da prestación do servizo, deberá comprender de xeito detallado o indicado nos apartados 1 a 4 da memoria.

Recursos humanos, materiais e técnicos (19 puntos): O proxecto a presentar polos licitadores, no que se detallarán aspectos básicos da prestación do servizo, deberá comprender o sistema de substitución de persoal para o caso de ausencias; reciclaxe e formación que se impartirá ao persoal proposto, especificando programas e número mínimo de horas; medios materiais adscritos ao servizo por parte do adxudicatario, debendo identificarse material, unidades e valoración económica do mesmo.

A valoración realizarase en base á documentación presentada por cada licitador e o contraste das diferentes propostas.

CONTIDO PONDERABLE	MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten unha memoria moi completa e novidosa de conformidade cos parámetros fixados; ben definida e estruturada; metodoloxía moi completa e proposta de medios materiais e humanos excelente. Proxectos moi completos e que teñan características diferenciáis e que aporten melloras considerables.	Hasta 100%
Ofertas que presenten unha memoria completa de conformidade cos parámetros fixados; ben definida e estruturada; metodoloxía completa e proposta de medios materiais e humanos boa. Proxectos completos.	Hasta 65%
Ofertas que presenten unha memoria suficiente de conformidade cos parámetros fixados; correctamente definida e estruturada; metodoloxía suficiente e proposta de medios materiais e humanos suficiente. Proxectos suficientes	Hasta 30%
Ofertas que presenten un programa e memoria deficiente.	0%